

Texto e ilustracións: **PAT HUTCHINS**

Tradución: **SILVIA PÉREZ TATO**

Encadernado en cartón. 25,4x20,3 cm.

36 páxinas en color. Dispoñible en:

- Galego: "O paseo de Rosalía"  
Tras os montes. ISBN 978-84-8464-747-8
- Castelán: "El paseo de Rosalía"  
Libros para Soñar. ISBN 978-84-92608-32-4
- Catalán: "L'Angelina surt a fer un tomb"  
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-937469-9-5
- Euskera: "Loreren Ibilaldia"  
Kalandraka-Pamiela. ISBN 978-84-7681-660-8
- Portugués: "O passeio da Dona Rosa"  
Livros para Sonhar. ISBN 978-989-8205-51-3

Prezo: 14 €

## O PASEO DE ROSALÍA

LIBRO DESTACADO (ASOCIACIÓN DE BIBLIOTECARIOS DE AMÉRICA), 1968


**A galiña Rosalía saíu pasear,  
atavesou a eira,  
rodeou a poza...**

"O paseo de Rosalía" é un clásico de 1968 que sempre estará vixente: cunha proposta estética vangardista de liñas sinxelas e cores de ton ácido, destaca polo seu alto contido visual. O texto son unhas breves frases encadeadas e acompañadas de imaxes descritivas que, ademais, complementan graficamente o relato. Aмосa así dous niveis de lectura, cunha estrutura circular: o paseo da galiña Rosalía, e o accidentado e humorístico axexo ao que a somete un raposo que a persegue, sen que ela se decate do perigo.

**PAT HUTCHINS** (Inglaterra, 1942)

A sexta de sete irmáns, Pat Hutchins creceu rodeada de campo e natureza, unha circunstancia que se plasma na súa obra. Dende moi nova soubo que quería ser artista, ao que a animou unha parella de anciáns que premiaban cada debuxo seu cunha barriña de chocolate. Estudou nunha escola local de arte durante tres anos antes de ampliar a súa formación na Academia de Arte de Leeds, onde se especializou en ilustración. Ao principio a súa obra limitouse ao circuito comercial artístico de Londres pero, despois de casar, viviu unha tempada en Nova Iorque, onde lle presentou a súa obra -con moito éxito- a varios editores. "O paseo de Rosalía" foi o seu primeiro álbum infantil, Libro Destacado en 1968 pola Asociación de Bibliotecarios de América (ALA, nas súas siglas en inglés). Dende entón escribiu varias novelas e creou numerosos libros ilustrados. Foi galardoada coa prestixiosa Medalla Kate Greenaway en 1974. Actualmente reside en Londres.

[comunicacion@kalandraka.com](mailto:comunicacion@kalandraka.com) | [www.kalandraka.com](http://www.kalandraka.com)



- **Temática:** a accidentada persecución dun raposo a unha galiña que pasea pola granxa
- **Idade recomendada:** prelectores e primeiros lectores
- **Aspectos destacables:** Libro Destacado pola Asociación de Bibliotecarios de América (1968)
- **Aplicacións:** granxa, animais, cores, humor, accidentes